

PROGRAMACIÓN DOCENTE
TALLER DE SOCIOLOXÍA: TEMAS DE ACTUALIDADE

curso 2017-2018

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Taller de socioloxía: Temas de actualidade
Código	IV30517
Curso aconsellado	2º
Créditos Totais	1,5
Horas totais de traballo da/o estudante	37,5
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Humanístico / Xurídico Social

I.1. Profesor:

Profesor	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Benxamín Porto	1,5 A	vía correo electrónico: porto@uvigo.es	EU de Empresariais	Castelán Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Non se requiren coñecementos previos.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Obradoiro orientado a explicar as principais teorías e variables sociolóxicas que inflúen socialmente e mediante as cales se constrúe a realidade social, así coma traballar con casos e relatos escollidos dos medios de comunicación para analizar a súa pertinencia das devanditas teorías sociais.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Comprender os principais mecanismos de articulación social, como son as interaccións e interdependencias, os significados –crenzas- e as institucións sociais.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos que:

- Sexan capaces de identificar os principais elementos da acción social e os factores determinantes da realidade social.
- Coñezan os elementos da estrutura e os determinantes da mobilidade social.
- Identifiquen os diferentes tipos de familias e os cambios na institución familiar.
- Sexan capaces de relacionar os elementos conformadores da cultura.
- Relacionen as principais institucións de socialización coma lexitimadoras da realidade social
- Diferencien a conformidade normativa, desviación e control social.
- Identifiquen os diferentes factores de cambio social

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	13	0	1,5	19,5	32,5	1,3
Prácticas	2	0	1,5	3	5	0,2
Total	15			22,5	37,5	1,5

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	¿Qué é a socioloxía?	2
2	A construción social da realidade	2
3	Cultura, socialización e cambio social	2
4	Familias	2
5	Estratificación e desigualdade social	3
6	Conformidade, desviación e control social	1

Programa práctico

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Lectura e análise de noticias xeradas polos medios sobre a realidade social	2

Bibliografía básica

- Giddens, A. *Sociología* (6ª edición). Madrid: Alianza Editorial, 2010.
- Macionis & Plummer. *Sociología* (3ª edición). Madrid: Pearson, 2007.

Bibliografía complementaria

- Se suxerirá diversa bibliografía complementaria específica para cada tema.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases maxistras sobre conceptos e teorías sociolóxicos con apoio audiovisual.

Discusión e contraste dos fundamentos teórico-sociolóxicos explicados coa realidade e actualidade social.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Avaliación en base a asistencia a clase verificada obxectivamente mediante firmas de asistencia, o aprobado corresponde ao 80 % asistencia.